

O PP de Cervo aniquila de forma reiterada as propostas do PSOE co único fin de non posicionarse en Pleno sobre temas delicados para a veciñanza

O recorte de dereitos e liberdades por parte dos gobernos do Partido Popular é tal que “o noso equipo de goberno ten medo a mostrar públicamente o que pensan sobre temas sociais, sanitarios ou de emprego”

Os socialistas neganse a debater mocións modificadas polo PP pois consideran ésta “unha práctica antidemocrática. Pedimos que se poidan debater tódalas iniciativas tal e como as presentamos”

CERVO, 18 DE MARZO.- Tralo pleno celebrado na tarde de onte en Cervo, os socialistas lamentan que “o equipo de goberno presente de forma reiterada recurso de emenda de substitución á maioría das mocións presentadas pola oposición co único fin de non debater os asuntos que preocupan ós veciños e non dar a coñecer a súa postura real sobre temas tan delicados como a reforma da Lei do aborto, a xestión da área integrada do Hospital da Costa, a retirada da tarxeta sanitaria ós españois que permanezan fora máis de noventa días ou a necesidade de solicitar un Plan de Emprego á Xunta de Galicia dado que é a que ten as competencias”.

Os membros do PSOE local denuncian a actitude do goberno do Partido Popular, “é algo habitual que aniquilen as propostas que presentamos. O que sucede é que teñen medo de mostrar o que realmente pensan. O recorte de dereitos e liberdades que están a levar a cabo dende o PP é brutal e demoledor para o cidadán”.

Nesta mesma liña, reiteran que “atacan de forma constante o estado de benestar e o máis lamentable é que fan realidade as súas intencións co maior cinismo do mundo”.

Dende o Grupo Municipal Socialista califican de “práctica antidemocrática esta maneira de actuar. Non se entende cómo xa de costume adoitan emendar as nosas mocións, pois non son emendas de engádega, é dicir, para aportar algo a maiores ou supor unha mellora, sempre son emendas substitutivas para evitar temas que non lles interesa abordar”.

Os socialistas néganse a debater mocións modificadas polo PP, “xa que eles teñen toda capacidade para levar a pleno iniciativas de goberno, pedimos que deixen as nosas propostas tal e como as presentamos para debatilas democráticamente e que os veciños poidan ver claramente cales son as diferentes posturas que se defenden dende os distintos grupos políticos”.